

Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. Memoria 2022.

Xulia Santiso
 CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN
 casamuseoepeb@academia.gal

O ano 2022 resultou ter dúas partes ben diferenciadas das actividades de la Casa-Museo:

Por un lado sucedeu a xestión normalizada de calquera espazo museístico; atención ás visitas -cun notable aumento, relacionado de seguro coa conmemoración do centenario- elaboración da programación, resolución de dúbidas, consultas e pedimentos, incorporación de contidos ás redes sociais, atención á conservación preventiva, actualización da información relacionada coa autora para achegala ao público, etc.

Por outra banda, a Casa-Museo pechou as súas portas a partires da segunda quincena de xullo e tras as vacacións estivais a actividade orientouse case en exclusividade á planificación da seguinte etapa; a recollida, embalaxe e traslado das pezas que compoñían aquel espazo no que durante 20 anos mesturárase o traballo museográfico ca programación cultural e cas tarefas de difusión da persoa que o habitara tempo atrás.

PRIMEIRA PARTE DO ANO

EFEMÉRIDES na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Convocatorias periódicas, repetidas anualmente por relación directa coa autora.

8 de Marzo. Día internacional da muller.

- 8M. Presencial

Visita en diálogo co grupo de mulleres de Cabana de Bergantiños, acompañado por *Donas Senlleiras*. Este é un equipo de guías de Galicia que está a traballar o percorrido sobre Emilia Pardo Bazán coa aportación documental previa da Casa-Museo.

Visita comentada en grupo formado por visitantes individuais.

- 8M. Virtual

Emilia Pardo Bazán, creada a si mesma

Elaboración do vídeo de presentación da autora na súa Casa-Museo, transitando e facendo fincapé nos seus discursos feministas. Colgado na páxina web da Casa-Museo e tamén na súa canle de Youtube.

A representación da historia das mulleres nos museos.

Participación online na mesa redonda dirixida polo Book Club da Feminist Library, de Londres. Houbo colaboracións desde España (A Coruña, Madrid, Valencia) Reino Unido (Londres, Manchester) e EE UU (NYC).

23 Abril. Día do libro.

EXPOSICIÓN Debuxos orixinais para un cómic e PRESENTACIÓN DO CÓMIC.

Presentouse o álbum de banda deseñada Emilia Pardo Bazán redactado pola escritora Alicia Palmer ilustrado por Weronika Hanczyk e publicado por Cascaborra Edicións en 2021 co gallo do centenario do pasamento da escritora. Do proceso de xestación e edición do volume (no que o persoal da Casa-Museo participou como correctores e críticas do texto) faláronse ambas as autoras na inauguración da mostra.

Ese mesmo día e grazas á colaboración da Fundación Luís Seoane que cedeu á C-MEPB o material para a montaxe da exposición, inaugurouse unha mostra cun total de 56 ilustracións orixinais, colocadas entre as pezas da Casa-Museo. Ademais da súa calidade gráfica, as imaxes aportaban un diálogo co medio museográfico ilustrando pasaxes que poderían ter sucedido neste espazo xa que a ilustradora se inspirou nas imaxes da Casa-Museo na rede para debuxar os espazos domésticos da narración. Deste xeito resultan un recurso significativo para as visitas didácticas.

18 Maio. Día –e noite- dos museos.

A data que conmemora internacionalmente o Día dos Museos, determinada polo ICOM (UNESCO) é o 18 de maio. O costume é achegalo ao fin de semana mais próximo. Este ano celebrouse, en conxunto cos demais museos da Coruña, o sábado 21 de maio.

A Casa Museo encheu de actividades esta data desde as 18:00 h ata as 00:00 h. o aflujo de público é grande e superou as 300 persoas.

Contempláronse as seguintes propostas:

Visita dramatizada: “Emilia e Rosalía, veciñas”. Natalia Vázquez Crespo e Judit Barreiro Vilachán, estudantes do grao de Turismo, presentaron un diálogo entre dúas mulleres relevantes, seleccionadas por elas pola súa importancia actual, dado o descoñecemento da bibliografía sobre esta relación. O diálogo transcorreu máis aló do afastamento político, aínda que sen fuxir del, e buscaron conexións entre ambas as dúas: traballo literario, asistencia a eventos, recepción social, publicacións, parellas, maternidade, vida no campo...

Xogo interactivo. Scape Room polo “Museo de Galicia”. Proposta on-line de carácter lúdico e divulgativo, dirixido ao público xeral. Débense resolver distintos enigmas relacionados coa colección de diferentes museos galegos para reconstruír unha lenda galega, perdida nun museo ficticio.

Proposta de Alba Osorio López (blogspot *Galegando en París*) alumna en prácticas nesta institución durante o verán do ano 2020 desde o Mestrado de Estudos Avanzados en

Museos, Arquivos e Bibliotecas da UdC. Neste momento é a *Lectrice de langue, littérature et culture galicienne* na Universidade Sorbonne de París.

Contacontos: “Dona Emilia: unha muller de conto” por Cris de Caldas. Cristina Vázquez Santos mesturou contos tradicionais, sucedidos reais e versións moi persoais de textos de Emilia Pardo Bazán.

Obradoiro: “Novas tecnoloxías e conexión público/museo” por Vicente López. Ideado para público xuvenil, preferentemente a partir de 12 anos, empregouse unha linguaxe técnica e amena e demostracións prácticas do que existe noutros museos. Deste obradoiro proveñen os Códigos QR e NFC que quedaron na Casa-Museo e dos que se fala mais adiante.

Visita guiada por Patricia Angulo Miró. Colaboradora da Casa-Museo, profunda coñecedora da figura de Pardo Bazán.

Coro da Escola Municipal de Música. Ao aceptar o convite, Elena Dumbría, a directora da Escola, propuxo interpretar o “Magnificat de Vivaldi” no adro da igrexa de Santiago por comodidade do coro, que é numeroso. Este espazo revelou dunha sonoridade magnífica.

OUTRAS CONVOCATORIAS.

Proceden de propostas de outros colectivos que tiveron en conta a Casa-Museo para incorporala no seu circuíto.

“MÚSICAS INÉDITAS EN CASAS LITERARIAS”

30 de marzo de 2022.

Conectando a contemporaneidade de Pardo Bazán coa da compositora galega Gloria Rodríguez Gil tivo lugar un diálogo interxeracional entre o legado de Pardo Bazán e a interpretación das partituras por Samuel Diz, que gravou estas pezas empregando unha copia da guitarra que posuía Federico García Lorca.

Proxecto da Axencia Editorial Poliédrica ao abeiro do Fondo de Proxectos Xacobeo 2021-2022 da Xunta de Galicia.

Mais adiante tivo lugar a presentación do audiovisual realizado neste espazo.

RECEPCIÓN DOS GRUPOS DE TERTULIAS LITERARIAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VALLADOLID.

O 31 de maio recibíronse e guiáronse estes grupos (80 persoas) na Casa-Museo mentres sucedíase un pequeno percorrido baseado en textos de EPB pola cidade vella. No salón de actos, tivo lugar a lectura dunha selección de epístolas a Emilia Pardo Bazán escritas por persoas dos grupos. Para coñecer á personaxe traballaron de xeito activo a recompilación de Cristina Patiño (*El encaje roto: antología de cuentos de violencia contra las mujeres*, Editorial Contraseña, Zaragoza, 2018) e a novela de Pardo Bazán *Insolación*.

PRESENTACIÓN DO LIBRO *Anfitrionas. Crónicas y cronistas de salones, 1890 – 1930*. Editorial Turner, Madrid, 2021.

O 26 de maio a autora, Marisol Donís, analizou para as persoas asistentes a figura das mulleres que exerceron como anfitriñas en España, especialmente en EPB, para comentar a estratexia de entrada de dona Emilia nunha elite que contribuiría a proxectala na posición que lle pertencía por estirpe, mais tamén por vontade e capacidade.

Esta publicación ilumina unha das escasas ocupacións “case” públicas nas que as mulleres da burguesía e a aristocracia europea podían ser protagonistas e gozar dunha certa autonomía; ser anfitriñas de reunións sociais na súa casa. Estas veladas, espazos á marxe das institucións culturais patriarcais, resultaron empequencidos na historiografía, pero a sociabilidade e intelixencia que a anfitriña manexaba na procura dunha atmosfera cultivada e activa, cinguida a determinada programación, tiñan efectos no mundo social e cultural do momento.

Atender ás pegadas de dona Emilia neste senso (convidadas e convidados, comentarios en epistolarios e artigos, da súa man ou da doutros) aporta datos sobre a construción do personaxe en busca do seu propio lugar no mundo.

COLABORACIÓNS DA CASA-MUSEO en edicións monográficas sobre EPB e o seu patrimonio.

GRAVACIÓN NA CASA-MUSEO para a longametraxe EMILIA.

Despois dunha exhaustiva etapa de resolución de dúbidas, envío de contidos, localizacións, etc. cedeuse o espazo da Casa-Museo para gravar parte da peza audiovisual dirixida por Miguel Ángel Calvo Buttini, e producida por Salto de Eje PC coa axuda do Ayuntamiento de Madrid, TeleMadrid, e diferentes institucións colaboradoras como a BNE, a Casa Museo Galdós, o Ateneo de Madrid, a Fundación Lázaro Galdiano, a RAE, Real Academia Galega e Patrimonio Nacional (Torres de Meirás).

CO-PUBLICACIÓN, COA PROFESORA ANA MARÍA ROMERO MASIÁ, DO MONOGRÁFICO A voz das últimas cigarreiras. Lembranzas dun tempo ido (Baía Edicións, A Coruña, 2022) sobre a participación activa do derradeiro grupo de cigarreiras da Fábrica de Tabacos en revisión paralela aos traballos de Emilia Pardo Bazán, quen por primeira vez dera voz a este colectivo en diferentes pezas literarias -novelas, contos, artigos, ensaios- valorando o devir histórico das opinións e a actitude das cigarreiras do século XX. Hoxe en día nesas voces aínda se aprecian moitas conexións con aquelas cigarreiras de Pardo Bazán: a forza dos lazos colectivos, os coidados, o goberno da economía doméstica, a resistencia ante o desequilibrio nas diferenzas profesionais e salariais.

As reunións coas cigarreiras tiveron lugar na Casa-Museo en varias xornadas e provocaron ao mesmo tempo vínculos con xestores culturais que traballaban nesta mesma dirección como Betty Manjuari e a súa compañía Entremans en colaboración con ArteStudio Xestión Cultural para o documental *Amparo al otro lado* dirixido por Ana Beatriz Pérez que circulou por toda Galicia narrando as vivencias das cigarreiras da Fábrica de Tabacos coruñesa a través da danza e de entrevistas realizadas na Casa-Museo.

COLABORACIÓN CO GRUPO CEFORE DA CORUÑA NO “Viaxe polos espazos vitais e literarios de Emilia Pardo Bazán na Coruña”

O 26 de marzo, 75 profesoras e profesores de toda Galicia asistiron á presentación sobre a escritora no salón de actos. Foi o comezo dun percorrido, organizado desde a Casa-Museo que transcorreu ao longo da xornada. Circulamos pola cidade segundo unha ruta baseada na novela *La piedra angular* polos arrabaldes da Coruña: camposanto, praia de Santo Amaro, Torre de Hércules e achegámonos pola tarde ás Torres de Meirás. Participaron A asociación de guías turísticas de Galicia, o grupo “Donas Senlleiras” de guías da Coruña, a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, o Concello de Sada e a Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, que permitiu excepcionalmente a visita ás Torres de Meirás dun grupo tan numeroso.

COLABORACIÓN coa formación especializada.

I Bolsa Emilia Pardo Bazán de Literatura Gastronómica en Residencia Literaria 1863.

Promovida pola editorial de literatura gastronómica Col&col e a Residencia Literaria 1863, dirixida por Yolanda Castaño, ca que coopera o Concello da Coruña. Pola nosa banda, estivemos en contacto coa gañadora da bolsa, Laia Shamirian, bióloga, nutricionista e escritora gastronómica (catalá de ascendencia armenia) a quen acompañamos pola Casa e resolvemos dúbidas previas e posteriores á visita.

Ciclo de Turismo do IES plurilingüe Eusebio da Guarda no Grao superior de Guía, Información e Asistencias Turísticas.

O obxectivo foi engadir veracidade e aportar información documental para impulsar aquel proxecto xa citado de produto turístico e cultural, por ser potencialmente moi interesante da man de dúas alumnas que decidiran facer un diálogo entre Emilia Pardo Bazán e Rosalía de Castro camiñando polas rúas de Marineda e a Casa-Museo.

Mestrado en Museos, Arquivos e Bibliotecas universitarias da UdC. María Nieves Pena Sueiro, profesora da materia Literatura e Casas-Museo, concertou por segundo ano varias visitas comentadas, especializadas en museografía ao longo do curso .

Escola Universitaria de Turismo da UdC. Nas visitas comentadas á Casa-Museo procuramos que o protagonismo xire ao redor da literatura de viaxes producida por Emilia Pardo Bazán e enlazada coa súa biografía.

COORDINACIÓN DE CONVOCATORIAS

EXPOSICIÓN “A Marineda de Emilia Pardo Bazán” en Marineda City. Desde o 31 de xaneiro ata o 28 de febreiro de 2022, tivo lugar no centro comercial Marineda City, a mostra, cuxo comisariado levouse desde a Casa-Museo (elaboración de contidos, supervisión de deseño e montaxe, etc.) narra a conexión da cidade na biografía e a

producción profesional da escritora. Na exposición tamén participou a Deputación da Coruña e o xornal *La Voz de Galicia*.

As fontes documentais proveñen de: Arquivo Reino de Galicia, Arquivo Real Academia Galega, Agrupación Musical Cántigas da Terra, Arquivo do Círculo de Artesáns, Arquivo Pillado, Museo de Pontevedra.

EXPOSICIÓN “A Marineda de Emilia Pardo Bazán” no Paseo da Mariña de A Coruña

Tivo lugar unha nova convocatoria desta exposición, desde o venres 13 de maio ata o domingo 5 de xuño, esta vez na Avenida do Porto da Coruña e patrocinada pola Deputación provincial, a mostra urbana tivo un relevante número de espectadores.

Revisión e adaptación para a reimpresión en Bolivia de oito relatos de Emilia Pardo Bazán *MUJERES AL BORDE DE UN ATAQUE DE CUENTOS* que foran publicados por MARINEDA CITY en 2019 co gallo do Día da Muller.

Solicitou esta actuación a Asociación “Club De Lectura Para La Paz” de La Paz, Bolivia coa colaboración de diferentes institucións. Unha vez conseguidos os permisos da institución editora e da RAG, levamos a cabo as debidas correccións, ampliacións e revisións do deseño orixinal.

O proxecto pretende fomentar a lectura de contos da escritora coruñesa Emilia Pardo Bazán en colexios de secundaria uruguaio (estudantes de 14 ata 18 anos e os seus profesores de lingua e literatura) mediante a dotación gratuíta do libro, que ademais irá acompañado das ferramentas pedagóxicas correspondentes para o fomento e dinamización da lectura dos contos desde unha perspectiva de xénero.

TRABALLOS MUSEOGRÁFICOS

Ademais da elaboración das pertinentes memorias-balance trimestrais e anual, redactouse extensamente a memoria do ano 21 para a revista *La Tribuna. Cadernos de estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*.

Recepción e control de pezas das exposicións do Centenario do pasamento de EPB.

Unha vez finalizadas as dúas exposicións dirixidas por Isabel Burdiel para a Biblioteca Nacional de Madrid e para o Kiosko Alfonso da Coruña, nas que colaboraron a Real Academia Galega, a Xunta de Galicia, o Ministerio de Cultura e o Concello da Coruña, recibimos as pezas depositadas e levouse a cabo unha exhaustiva valoración do estado de conservación, solicitando revisións do seguro das pezas e orzamentos de restauración para devolver as pezas danadas ao seu estado orixinal. Os danos non son cuantiosos.

. Perda de masa e sobredourado en marcos:

“Retrato de EPB” por Wertheimer (Nº cat. 46)

“Retrato de Carmen Quiroga” por Vaamonde. (Nº cat. 54)

. Por fungos no soporte.

- “Castelo de Santa Cruz” por Román Navarro, acuarela. (Nº cat. 63)

Respéctase a maioría das pezas nos embalaxes fabricados a tal fin (xa que se fixeran reproducións veraces de todas elas) e controlase a estancidade regularmente.

Proxecto Sinalarium. Deputación da Coruña.

Como colofón da colaboración coa Deputación da Coruña, levouse a cabo a montaxe e presentación de tres vídeos didácticos sobre EPB (Biografía, Feminismo e Literatura) coa intención de servir de material didáctico tanto para aulas como para agrupacións ou visitas individuais. Estes vídeos están colgados na páxina web da institución e na canle da Casa-Museo en Youtube.

Así mesmo actualizouse a información de sala para incorporala aos códigos QR que se ofrecían fisicamente en cada unha delas.



Sala I



Sala II



Sala III



Sala IV

Tamén se levou a cabo a revisión e posta en funcionamento de información sonora sobre a Casa con diferentes códigos NFC nas salas do museo. Ofrecése así unha información mais extensa e facilmente utilizable ás persoas que nos visitan.

Recepción do Legado de Emilia Edreira

Emilia Edreira Rodríguez participaba decotío nas actividades que se convocaban nesta Casa-Museo. No seu testamento deixou á Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, acollidas pola Real Academia Galega, 21 obras da editorial Moleiro (a maioría manuscritos en edición facsimilar) cos seus libros de estudio. Comprometémonos a ter sempre exposto un exemplar, na súa honra.

RECEPCIÓN DE PEZA: Placa de bronce sobre a rúa doutor Moragas.

José María Monterroso Devesa fixo doazón da placa que amosa a información da rúa do doutor Moragas, atopada polo no medio do seu traballo de investigación sobre nomenclaturas de rúas da cidade da Coruña en galego.

O investigador mercou e quixo doar a peza, de interese para a colección da Casa-Museo na data de aniversario de Emilia Pardo Bazán

A orixe da rúa é do ano 1978. A homenaxe á escritora era evidente; o doutor Moragas é o trasunto literario dun amigo fiel de Pardo Bazán; o doutor Ramón Pérez Costales, personaxe relevante na historia desta cidade.

En 2015 a rúa foi rebautizada como Praza Costales, perdendo o paralelismo entre literatura e realidade.

VISITAS Á CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN

Despois da convocatoria de reunión do persoal da RAG para o martes 12 de xullo de 2022 realizada polo presidente Víctor Freixanes, na que informou da rehabilitación da sede, e unha vez anunciados os prazos para a recollida e traslado da institución, anuláronse as visitas que se anotaran para 2022.

A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán recibiu un total de **3.093 visitantes** ao longo do ano 2022, desde xaneiro ata o 15 de xullo.

SEGUNDA PARTE DO ANO

RECOLLIDA, EMBALAXE E TRASLADO DA CASA-MUSEO POLA FUTURA ETAPA DE OBRAS DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO.

Debido á complexidade que implica a delicadeza das coleccións e, no destino, a existencia de espazos con riscos a previr, procurouse unha metodoloxía que fixera operativa a recollida, embalaxe e traslado das pezas, museográficas ou non, da Casa-Museo. Fíxose este traballo en colaboración con Lois Bande, encargado, no mesmo senso, de protexer as pezas relevantes da Real Academia Galega.

Grosso modo, sinalamos estes pasos:

Separadamente, elabórase outra listaxe na que se **numeran as pezas de apoio museográfico** (vitrinas, expositores, soportes, paneis, etc.) e o material didáctico, de administración e bibliográfico, que será trasladado por outro equipo.

Preparación para o embalaxe con metodoloxías para cada grupo. Óleo, tecidos, madeira, cristal, papel precisan a súa propia embalaxe, que foi contratado.

Embalaxe de diferentes tipoloxías.

Asistencia e control no traslado á outra sede. Control de manipulación.

Deseño e control das condicións do espazos de depósito. Termohigrometría, iluminación, illamento en chan e paredes, mobiliario de almacenaxe.

Deseño da distribución do depósito que facilite o acceso e a identificación de pezas.

NORMAS PARA AUTORES E AUTORAS

Normas de edición

Os traballos presentados axustaranse ás seguintes normas:

1. O texto será enviado en formato electrónico a: latribunaepb@academia.gal preferiblemente en Microsoft Word para PC ou Mac.
2. Deberán remitirse simultaneamente dous arquivos:
 - 2.1. Documento de presentación e identificación do traballo
 - 2.2. Traballo
 - 2.1.1. No documento “Presentación e identificación do traballo”, solicitarase a avaliación do artigo e indicarse a que sección da revista se dirixe. A Redacción examinará a súa adecuación para a sección e poderá consideralo para outra se fose necesario. Ademais, neste documento constará especificamente a declaración responsable do autor ou autora da orixinalidade do traballo e de que non foi publicado con anterioridade, nin está en proceso de avaliación noutra revista. Así mesmo, constatará a súa aceptación das modificacións suxeridas por parte dos revisores para, se procede, a publicación do traballo.
 - 2.1.2. O documento “Presentación e identificación do traballo” redactarase de acordo coa seguinte estrutura:
 - Título do traballo: máximo 80 caracteres.
 - Subtítulo: opcional. Máximo 60 caracteres.
 - Autoría: nome e apelidos por orde de firma.
 - Filiación profesional e institucional do autor ou autores: institución na que desempeña a súa tarefa profesional.
 - Perfil académico e profesional do autor ou autores: máximo 5 liñas.
 - Enderezo de contacto: no caso de traballos compartidos, especificarase a que persoa debe dirixirse a Redacción durante o proceso de recepción, avaliación e comunicación de decisións. En todos os traballos, tanto compartidos, como de autoría única, deberá facilitarse esta información:
 - Nome da persoa de contacto
 - Enderezo de correo electrónico
 - Enderezo postal (persoal ou institucional)
 - Teléfono (móbil, persoal ou institucional)

- Sección á que vai dirixido o traballo. Téñase en conta que os estudos terán de 4000 a 9000 palabras (máximo, excluíndo anexos) e as notas menos de 4000.
- Antecedentes de publicación / difusión do traballo (se procede, por exemplo nun congreso).

2.2.1. O documento “traballo” conterá o orixinal sen ningunha identificación persoal co fin de garantir o proceso de avaliación anónima. Os traballos presentaranse en Times New Roman 12 puntos, con interlineal 1.5 e de acordo coa seguinte estrutura:

- Título (corpo 16, maiúsculas).
- Resumos na lingua na que está escrito o traballo e en inglés (máximo 250 palabras cada un).
- Palabras chave (máximo 5) na lingua na que está escrito o traballo e en inglés.
- Traballo
- Bibliografía.

3. As citas longas (de máis de 40 palabras) irán en parágrafo á parte, sangrado, e en corpo menor (10 puntos). A continuación, indicárase entre paréntese a autoría, ano de publicación da obra e os números de páxina (p. e.: González Herrán 2003: 19-46), seguindo o modelo que se indica abaixo.

3.1. As notas a pé de páxina (que non serán bibliográficas) deberán indicarse cun superíndice.

3.2. As referencias bibliográficas aparecerán ao final do traballo con sangrado francés do seguinte modo:

3.2.1. Libros: Apelidos, Nome (ano): Título do libro (cursiva), Lugar, Editorial, nº edición. Exemplo: Pardo Bazán, Emilia (1977): *Los Pazos de Ulloa*, Madrid, Alianza.

3.2.2. Artigos: Apelidos, Nome (ano): “Título do artigo”, Nome e Apelidos (ed., coord, etc.): Obra ou Revista na que se atopa o artigo (cursiva); –no caso dos libros Lugar, Editorial, nº edición–, páxinas. Exemplo: Patiño Eirín, Cristina (2004): “En los umbrales de la Academia: Emilia Pardo Bazán, impugnadora de la tradición del absurdo en dos cartas de campaña y una entrevista olvidada”, *La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, núm. 2, pp. 131-156.

3.2.3. Documentos electrónicos en liña: artigos de revistas electrónicas. Apelido, Iniciais do autor (ano). «Título do artigo». Título da revista, núm. [en liña]. [Data de consulta do artigo].

Prazo de envío

O prazo de envío para a recepción de traballos finalizará o 30 de abril de cada ano. Os traballos recibidos con posterioridade serán considerados para o seguinte ano.

Listaxe de comprobación dos envíos

Como parte do proceso de envío, solicítase que se indique que o envío cumpre con todos os elementos a seguir, e que se acepte que os envíos que non cumpran con estas indicacións poden ser devoltos.

As linguas de publicación serán o galego, o castelán, o francés, o inglés, o italiano, o portugués, ou calquera outra lingua de comunicación científica habitual.

Os traballos propostos deberán ser orixinais e inéditos. Non poderán estar publicados noutras revistas ou libros, nin estar en proceso de revisión.

Os traballos serán remitidos por correo electrónico á Secretaría de Redacción da revista:

Redacción de *La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*
latribunaepb@academia.gal

A Redacción de *La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán* acusará recibo dos traballos remitidos.

Para a súa admisión, os traballos deberán axustarse ás normas de edición da revista. No caso de que os orixinais non respecten as devanditas normas serán devoltos para que se efectúen as modificacións pertinentes.

Os traballos admitidos, tras esta primeira revisión da Secretaría de Redacción, remitiranse a dous especialistas para a súa avaliación externa, con carácter anónimo. No caso de informes substancialmente dispares entre si, o traballo remitirse, como mínimo, a outro avaliador e poderá ser revisado novamente por dous especialistas anónimos.

O prazo de avaliación dos traballos, unha vez admitidos pola Secretaría de Redacción para a súa revisión, será de 3 meses. Os autores ou autoras recibirán a notificación da súa avaliación, respectando sempre o anonimato dos revisores.

A avaliación do orixinal será comunicada a través da Secretaría de Redacción. De ser positiva, comunicarase o número en que será editado indicándose, se procede, as suxestións ou modificacións pertinentes.

O autor ou autora comprométese a efectuar os cambios indicados nun prazo non superior a 15 días desde a comunicación destes por parte da Secretaría de Redacción.

Nota de copyright

Licenza de uso: os artigos a texto completo incluídos no noso portal son de acceso libre e propiedade dos seus autores e/ou editores. Calquera acto de reprodución, distribución, comunicación pública e/ou transformación total ou parcial require o consentimento expreso e escrito daqueles. Toda ligazón ao texto completo dos artigos do noso portal debe efectuarse ao noso URL.

Declaración de privacidade

Os nomes e enderezos de correo electrónicos inseridos nesta revista usaranse exclusivamente para os fins declarados por esta revista e non estarán dispoñibles para ningún outro propósito ou outra persoa.

Redacción da revista *La Tribuna: cadernos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*

Tabernas, 11

15001, A Coruña

Teléfono: 981 20 73 08

Correo electrónico: latribunaepb@academia.gal